

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A ASOCIACIÓN GALEGA DE ACTIVIDADES NÁUTICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO ENCONTRO IBÉRICO DE TURISMO FLUVIAL TRANSFRONTEIRIZO.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE POR:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A ASOCIACIÓN GALEGA DE ACTIVIDADES NÁUTICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO ENCONTRO IBÉRICO DE TURISMO FLUVIAL TRANSFRONTEIRIZO.

No Pazo Provincial, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, Luis López Diéguez, na súa condición de Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que se lle atribúen no artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Da outra, Manuel Soliño Bermúdez, en nome e representación da entidade Asociación Galega de Actividades Náuticas (AGAN+) con CIF: G36356160, con sede Ames, A Coruña, na rúa Rosalía de Castro, 56 – baixo, -Milladoiro, CP 15895, no uso das atribucións que lle confiren os seus Estatutos.

E María Beatriz del Cerro del Río, actuando en calidade de Vicesecretaria Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ambas as dúas partes recoñécense con capacidade para a formalización deste convenio en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas; e para estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I. Os convenios das administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como se establecen nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; no artigo 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e nos artigos 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

II.- O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispón que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

III. Pola súa parte, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, se lle atribúe ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio.

IV. A Asociación Galega de Actividade Náuticas (AGAN+) é unha asociación sen ánimo de lucro que conta con 25 anos de experiencia na xestión de proxectos europeos, interrexionais, transfronteirizos e rexionais, cuxos obxectivos son fomentar a competitividade, a innovación, a desestacionalización da oferta e o crecemento do emprego no ecosistema turístico-náutico; acreditar e implementar sistemas de calidade que permitan a promoción dunha oferta de servizos homoxénea por parte de empresas e destinos náuticos; promover e apoiar a comercialización de produtos de turismo náutico ofrecido por empresas/profesionais ou territorios baixo uns estándares determinados; converter os municipios en destinos náuticos de calidade a través dunha estratexia de tematización; así como promover o acceso ás actividades náuticas de todos os cidadáns desde unha perspectiva do lecer, o deporte e a inclusión social, entre outros.

Agan conta cun equipo profesional dedicado á xestión de proxectos europeos para apoiar o sector náutico en Galicia e actualmente capitanea a nivel España a Rede de Cruceiros Costeiros e Fluviais dos destinos náuticos sostibles de España.

Ademais, é socio e promotor da Rede de Cruceiros Ibéricos Fluviais Transfronteirizos que pretende crear produtos turísticos sostibles nos 5 grandes ríos transfronteirizos entre España e Portugal.

Esta asociación está a organizar o III Encontro Ibérico de Turismo Fluvial Transfronteirizo, que se vai levar a cabo na localidade pontevedresa de A Guarda en xullo de 2026, e que consistirá na realización dun encontro no que participarán diferentes axentes do ámbito turístico e do sector náutico, os cales exporán as distintas problemáticas existentes nos territorios locais de ámbito transfronteirizo, as diferentes actualizacións legislativas en materia de medioambiente, navegación, etc., que afectan ao sector náutico-turístico transfronteirizo, as diversas iniciativas existentes na mellora e potenciación do sector náutico de lecer, especialmente fluvial nos ríos de España e Portugal, ou sobre a comercialización, implantación e desenvolvemento do turismo de cruceiros fluviais nos ríos transfronteirizos na península ibérica.

V. Este III Encontro Ibérico de Turismo Fluvial Transfronteirizo, pretende dar continuidade a un primeiro encontro celebrado tamén en A Guarda, e ao segundo encontro ibérico de turismo fluvial transfronteirizo, celebrado entre a localidade lusa de Castelo Branco e a española de Alcántara, no entorno das augas do río Tajo.

No marco do citado encontro desenvolveranse varias accións:

- **Acción I:** Consultaría previa sobre os obstáculos existentes a nivel nacional e transfronteirizo para o turismo fluvial.

Desenvolverase de maio a xuño de 2026

- **Acción 2:** Presentación do evento–rolda de prensa

Está acción implicará a realización dunha campaña previa de difusión nacional e internacional do evento.

Desenvolverase en xuño de 2026

- **Acción 3:** Realización do acto principal do encontro que será un evento mixto (presencial e online), onde se presentarán tanto os resultados do estudo como as boas prácticas detectadas. Tamén, xerarse debate sobre o desenvolvemento e a planificación dos destinos de turismo fluvial, a comercialización dos produtos turísticos.

A data prevista para a súa realización é durante o mes de xullo no concello de A Guarda.

VI. O obxectivo xeral deste convenio é financiar a proposta das actividades deste “III Encontro de Turismo Fluvial Transfronteirizo”, tanto os traballos previos para a realización do estudo de obstáculos e boas prácticas no turismo fluvial, así como a celebración do encontro, o cal realizarase en dous días consecutivos do mes de xuño o xullo no concello de A Guarda.

Neste marco de colaboración, encádrase a proposta deste convenio entre a Deputación de Pontevedra e a Asociación Galega de Actividade Náuticas (AGAN+).

Polo cal,

ACORDAN:

Primeiro. Obxecto da colaboración

1. É obxecto deste convenio financiar o desenvolvemento das accións que se van levar a cabo para a celebración do “III Encontro Ibérico de Turismo Fluvial Transfronteirizo”, que se vai celebrar no concello de A Guarda en xullo de 2026.

Estas accións consistirán na realización dun estudo previo para coñecer os obstáculos existentes a nivel nacional e transfronteirizo para o turismo fluvial, así como as iniciativas, presentación e difusión do evento, e a realización do acto

principal do encontro, o cal será un evento mixto (presencial e online) que se vai celebrar no concello de A Garda durante dous días do mes de xullo.

2. O principal obxectivo do encontro é poñer en contacto aos diferentes axentes do ámbito turístico e do sector náutico, os cales expoñerán e subliñarán as distintas problemáticas existentes nos territorios locais de ámbito transfronteirizo, as diferentes actualizacións legislativas en materia de medioambiente, navegación, etc., que afectan ao sector náutico-turístico transfronteirizo, as diversas iniciativas existentes na mellora e potenciación do sector náutico de lecer, especialmente fluvial nos ríos de España e Portugal, ou sobre a comercialización, implantación e desenvolvemento do turismo de cruceiros fluviais nos ríos transfronteirizos na península ibérica. Preténdese xerar un debate sobre o desenvolvemento e planificación de destinos de turismo fluvial, a comercialización de produto turístico, e as diferentes opcións de financiamento tanto para os posibles emprendedores como para os xestores de destinos, así como a posta en valor do patrimonio marítimo e fluvial e a necesidade de conservalo.

Segundo.- Financiamento do convenio

1. As actividades programadas que a Asociación Galega de Actividades Náuticas (AGAN+) levará a cabo, teñen un orzamento total de **20.000,00 €** (VINTE MIL EUROS).

2. As actuacións ás que se refire este convenio serán financiadas pola Deputación Provincial de Pontevedra, que se obriga a sufragar o seu custe ata a cantidade máxima de **20.00,00 €**, consonte a seguinte distribución:

	Anualidade	Total
Deputación Provincial de Pontevedra	2026	20.000,00 €

3. O pago realizarase contra a aplicación 26/942.9431.489.01 "A Entidades sen fins de lucro, cooperación transfronteiriza", na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A Deputación de Pontevedra aboará á Asociación Galega de Actividade Náuticas, tras a sinatura deste convenio, a cantidade de 8.264,00 €, que corresponde ao 41,32% do total da financiación, en concepto de anticipo parcial, segundo a solicitude presentada pola asociación con data 17/04/2026, previa á sinatura do convenio, para afrontar os gastos iniciais e imprescindibles do proxecto ao carecer esta de recursos financeiros propios suficientes. A Asociación Galega de Actividades Náuticas comprométese expresamente a xustificar a totalidade dos gastos correspondentes ao anticipo solicitado mediante a presentación de facturas, contratos e demais documentación acreditativa pertinente, nos prazos e forma establecidos pola Deputación de Pontevedra, así como a reintegrar, no seu caso, calquera cantidade percibida e non debidamente xustificada.

Terceira.- Execución do convenio

1. A execución do convenio e o seu financiamento pola Deputación Provincial de Pontevedra, terá lugar coar desagregación que se establece no anexo I deste convenio.

2. A Deputación de Pontevedra poderá inspeccionar as actuacións obxecto deste convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes.

3. As achegas faranse efectivas mediante transferencia bancaria que serán liberadas, unha primeira tras a formalización do convenio unha vez asinado, polo importe subliñado no punto segundo, e outra polo importe restante contra a

presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención Provincial, e na parte proporcional do financiamento.

Cuarto.- Compromisos da Deputación

A Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Financiar os costes derivados do convenio, ata a cantidade máxima de **20.000,00€ (VINTE MIL EUROS)**, de conformidade co disposto no anexo I, que será liberada, parcialmente tras a sinatura do convenio, e na parte restante contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto total efectuado, na parte proporcional do financiamento.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e da Resolución Presidencial número 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000 euros.

Quinto.- Compromisos da Asociación

1. Correspóndelle á entidade o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización das actividades programadas.

2. A entidade organizará as actividades, co visto bo da Deputación de Pontevedra. Responsabilizarase da organización integral do programa así como de dispoñer dos espazos e de solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, instalación de elementos, etc.

3. Someterase ás actuacións de comprobación, que leve a cabo o órgano concedinte ou entidade colaboradora, no seu caso, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Deputación de Pontevedra, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

5. Cumprir cos demais supostos previstos neste convenio ou calquera outra obriga prevista no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Sexto.- Publicidade do financiamento provincial

1. A acción obxecto de subvención deberá garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e Asociación Galega de Actividade Náuticas (AGAN+).

2. A Asociación Galega de Actividade Náuticas (AGAN+) fará constar de forma expresa o patrocinio da Deputación nos documentos e informes que se redacten, nas entrevistas e encontros que se celebren e nas publicacións divulgativas que se deriven das mesmas, así como na publicidade (Web, RRSS) que con tal motivo se faga.

3. Coa conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

Sétimo.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberáselle de dar

publicidade á subvención outorgada neste convenio, nos termos e condicións establecidos na dita lei. Por outra banda, consonte co disposto no artigo 20 da Lei

38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, remitirase a Base de Datos Nacional de Subvencións a información correspondente á achega económica outorgada, nos termos establecidos na citada norma.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación de Pontevedra remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Galega de Actividade Náuticas (AGAN+) será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na páxina Web da Deputación (<http://www.depo.gal/>).

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

Oitavo.- Compatibilidade con outras subvencións

1. Conforme ao disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2. Porén o importe da subvención en ningún caso poderá ser da tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo total da actividade subvencionada.

Noveno.- Xustificación da subvención

A documentación xustificativa a presentar pola Asociación Galega de Actividade Náuticas (AGAN+), previa á realización do pago final, será a seguinte:

- Conta xustificativa que relacione os gastos e os ingresos da actividade subvencionada;
- Facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado;
- Na xustificación de ingresos, relacionaranse outras axudas concedidas para a mesma finalidade, así como os importes correspondentes a doazóns, patrocinios e outros ingresos afectados total ou parcialmente á actividade subvencionada;
- Memoria explicativa e detallada das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada, con mención dos resultados obtidos e identificación de asinante;
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais.
- Acreditación da difusión dada á colaboración da Deputación no financiamento da actividade;
- Declaración responsable de que os ingresos e gastos que figuran na conta xustificativa se destinaron á actividade obxecto do convenio; dos ingresos obtidos; e de que as subvencións ou axudas obtidas non superan o custe da actividade.
- Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, na que se indicará de ser o caso, a entidade concedinte, data e importe total concedido.
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado no anexo I, non podendo ser estas superiores ao 20% do consignado para ese concepto de gasto no orzamento.

O pago das facturas que figuren na conta xustificativa deberá efectuarse, de non telo feito antes, no prazo máximo dun mes dende a percepción dos fondos e realizarse preferentemente a través de entidades financeiras, sendo obrigatorio cando o importe de cada factura supere os 900,00 €.

Décimo.- Comisión de Seguimento

1. Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das entidades asinantes, un dos cales terá carácter técnico

2. Corresponderá á Comisión de Seguimento entre outras funcións:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do seu contido.
- A coordinación entre as partes asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propoñer ás partes a resolución das mesmas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das entidades asinantes.
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

3. A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar no Pazo Provincial de Pontevedra. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

Décimo Primeiro.-Vixencia e prazo de xustificación

1. O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actividades ás que o mesmo se refire, que en todo caso non excederá do 15/08/2026.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Galega de Actividade Náuticas (AGAN+) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula novena no prazo máximo de trinta días contado a partir da finalización daquelas.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade asinante para que á presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Galega de Actividade Náuticas (AGAN+) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 25ª (6º a 7ª) de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingresos na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Galega de Actividade Náuticas (AGAN+) na documentación achegada.

Décimo Segundo.- Extinción do Convenio

1. O convenio extinguirase polo cumprimento das actuación que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2. Serán causas de resolución:

1. O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
2. O acordo unánime dos asinantes.
3. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistirá o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
5. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Décimo terceiro. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social

1. A entidade deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa deputación provincial será realizada de oficio pola Deputación.

Décimo cuarto. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá levar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación, de conformidade co disposto na Bases de Execución do Orzamento da Deputación, seguirase o disposto nos artigos 36 a 43 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 a 101 seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

3. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

Décimo quinto.-Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, Xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e as Bases de Execución do orzamento da Deputación de Pontevedra. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle á Presidencia da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E, en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e data sinalados no seu encabezamento.

O Presidente da Deputación de
Pontevedra

Asdo.: Luis López Diéguez

O Presidente da Asociación Galega de
Actividades Náuticas (AGAN+)

Asdo.: D. Manuel Soliño Bermúdez

A Vicesecretaria Xeral da Deputación de Pontevedra

Asdo.: María Beatriz del Cerro del Río

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A ASOCIACIÓN GALEGA DE ACTIVIDADES NÁUTICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO ENCONTRO IBÉRICO DE TURISMO FLUVIAL TRANSFRONTEIRIZO.

ANEXO I

ACCIÓN 1. CONSULTORIA PREVIA SOBRE OBSTÁCULOS EXISTENTES A NIVEL NACIONAL Y TRANSFRONTERIZO PARA EL TURISMO FLUVIAL			
CONCEPTO	UNIDADES	IMPORTE	TOTAL
Servicio de consultoría previa para estudio sobre obstáculos existentes (horas)	70	100,00 €	7.000,00 €
			7.000,00 €

ACCIÓN 2. PRESENTACION DEL EVENTO: RUEDA DE PRENSA - 17 de junio			
CONCEPTO	UNIDADES	IMPORTE	TOTAL
Campaña de difusión nacional e internacional del evento en redes sociales y mass media. (meses)	1	500,00 €	500,00 €
Diseño de material promocional	1	500,00 €	500,00 €
Impresión de material promocional: Roll up	1	150,00 €	150,00 €
Impresión de material promocional: cartelería	2	2,50 €	5,00 €
Impresión de material promocional: carpetillas	20	2,00 €	40,00 €
Impresión de material promocional: papel trimbrado	60	0,25 €	15,00 €
Impresión de material promocional: agendas	20	1,50 €	30,00 €
Impresión de material promocional: Flyer	20	1,20 €	24,00 €
			1.264,00 €

ACCIÓN 3. CONGRESO INTERNACIONAL SOBRE CRUCEROS FLUVIALES TRANSFRONTERIZOS - 1 al 2 de julio de 2026			
CONCEPTO	UNIDADES	IMPORTE	TOTAL
Asistencia técnica para coordinación del evento: Cierre ponentes, cierre vuelos, campaña a gdrs de España, campaña a diputaciones, campaña a confederaciones,	1	3.000,00 €	3.000,00 €
Campaña de difusión nacional e internacional del evento en redes sociales y mass media. (meses)	1	500,00 €	500,00 €
Impresión de material promocional: Roll up	2	150,00 €	300,00 €
Impresión de material promocional: cartelería	8	2,50 €	20,00 €
Impresión de material promocional: carpetillas	50	2,00 €	100,00 €
Impresión de material promocional: papel trimbrado	248	0,25 €	62,00 €
Impresión de material promocional: agendas	20	1,50 €	30,00 €
Impresión de material promocional: Flyer	20	1,20 €	24,00 €
Espacio web para la difusión del evento e inscripción de participantes	1	200,00 €	200,00 €
Desplazamiento de ponentes (3 personas)	3	300,00 €	900,00 €
Manutención de ponentes y staff (comidas, cenas)	20	30,00 €	600,00 €
Alojamiento de ponentes y Staff (2 noches, 5 personas)	10	75,00 €	750,00 €
Coffee break de las sesiones (2 sesiones de 25 personas)	50	10,00 €	500,00 €
			6.986,00 €

ACCIÓN 4: ESPACIO EXHIBICIÓN - FERIA - 1 al 2 de julio de 2026			
CONCEPTO	UNIDADES	IMPORTE	TOTAL
Campaña de difusión nacional e internacional del evento en redes sociales y mass media. (meses)	1	500,00 €	500,00 €
Coordinación de feria exhibición en persona y online (2 días)	2	500,00 €	1.000,00 €
Alquiler de Equipamiento informático para conexiones online (ordenadores, pantallas, conexión internet) (2 días)	2	250,00 €	500,00 €
Alquiler Mobiliario y accesorios (5 puestos)	5	50,00 €	250,00 €
			2.250,00 €

ACCIÓN 5. ORGANIZACIÓN DE SALIDAS TEST, DEMOSTRATIVAS EN BARCOS ELECTRICOS			
CONCEPTO	UNIDADES	IMPORTE	TOTAL
Organización de salidas test demostrativas con barco eléctrico acompañados de personal profesional - 10 salidas con embarcación Xacobeo Transfer I en horario 10:00 a 14:00 y de 16:00 a 19:00, con capacidad en cada salida de 10 personas (nº salidas)	10	150,00 €	1.500,00 €
Organización de salidas test demostrativas con barco eléctrico hinchable acompañados de personal profesional - 10 salidas con embarcación Hovercraft en horario 10:00 a 14:00 y de 16:00 a 19:00, con capacidad en cada salida de 5 personas (nº salidas)	10	100,00 €	1.000,00 €
			2.500,00 €

TOTAL	20.000,00 €
--------------	--------------------

A Asociación Galega de Actividades Náuticas é unha entidade de carácter social exenta de IVE segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 37/1992 e en aplicación do artigo 20.1.14º da Lei do IVE.